



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INMOVILIZACIÓN OU RECOLLIDA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA E DEPÓSITO DOS MESMOS

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local LRBRL (BOE número 80, do 3-4-85) e consonte ao disposto os artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, LRFL (BOE número 313, do 30-12-88), este Concello establece a taxa por inmovilización, retirada e depósito de vehículos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que contén normas axustadas ao establecido no artigo 58 da citada LRFL.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. O feito imponible está determinado pola actividade municipal de inmovilización ou retirada de vehículos da vía pública, traslado ou depósito dos mesmos; producíndose o feito imponible coa iniciación de algunha das actividades citadas.

2. A obrigaón de contribuir nace desde que, requeridos os suxeitos pasivos polos axentes da Policía Local sen atender as súas indicacións, ou por non atoparse xunto aos vehículos, den comezo ás operacións de inmovilización ou retirada, aínda que o contido da obrigaón pode abarcar, no seu caso, até o depósito.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, a persoa física que conduza o vehículo e, subsidiariamente, a física ou xurídica propietaria do mesmo, salvo os casos de utilización ilexítima que se acredite mediante aportación de copia de denuncia presentada por sustracción, debidamente autorizada e coa indicación da data e hora de presentación da denuncia e dos signos de manipulación ou violencia efectuados no vehículo.

Artigo 4.- Responsabeis.

1. Responderán solidariamente das obrigaóns tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei 230/1963 do 28 de decembro, xeral tributaria, LXT (BOE número 313, do 31.12.63).

2. Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e coa alcance que sinala o artigo 20 da LXT.



Artigo 5.- Cuota tributaria

1. A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo tipo de vehículo e, no seu caso, a tonelaxe do mesmo e para o depósito o tempo de estancia no aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira, ou lugar de depósito alternativo dentro do termo municipal, consonte coas seguintes tarifas:

1.1. Motocarros e demais vehículos de análogas Euros características 59,80

1.2 Automóbiles turismos, carrocetas e vehículos de análogas características de até 1.500 kgs 59,80

1.3 Remolques, furgonetas, furgóns e demais vehículos análogos, con peso non superior a 1.500 Kgs 59,80

1.4. No importe das cuotas indicadas nos apartados anteriores inclúese o depósito de cada vehículo até as 0 horas do día de retirada, a partir desa hora aplicaránse as tarifas indicadas no apartado 5 deste artigo .

1.5. No caso de retirada de vehículos con peso superior a 1.500 Kgs, a cuota tributaria será igual ó importe facturado polo servizo de grúa específico que contrate o Concello de Redondela para proceder á retirada de vehículos, sendo aplicabel, así mesmo, o indicado no punto 6 desta ordenanza .

2. As tarifas esixidas por inmovilización de vehículos por calquera medio mecánico ou cepos, consistirán en cada caso no 50% das indicadas no punto anterior deste artigo.

3. Inclúense na tarifa do punto anterior os vehículos inmovilizados voluntariamente polos seus titulares por avarías se logo de 48 horas o/a interesado/a non adoptará medida algunha. A estos efectos non se considerará avaría a carencia de combustíbel, suposto no que se operará como se dun vehículo infractor se tratara.

4. As tarifas indicadas neste artigo, serán complementadas (a partir das 0 horas do día seguinte ó de retirada de cada vehículo) cos importes correspondentes ó depósito e garda do vehículo desde a súa recollida consonte ós prezos autorizados polo Concello á empresa concesionaria do aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira.

5. Para depósitos efectuados fora do aparcamento indicado no punto anterior, rexerán as seguintes tarifas (a partir das 0 horas do día seguinte ao de retirada de cada vehículo):

Euros

Por cada 24 horas ou fracción

5.1 Motocarros e demais vehículos de análogas características 7,34

5.2 Automóbiles turismos, carrocetas e vehículos de análogas características de até 1.500 Kgs 14,68

5.3 Remolques, furgonetas, furgóns e demais vehículos análogos, con peso no superior a 1.500 kgs 14,68



5.4 Resto de vehículos con peso superior a 1.500 Kgs 14,68

Artigo 6.- Exencións e Bonificacións.

Estarán exentos do pago da taxa correspondente por inmovilización ou retirada e depósito de vehículos:

a) Os donos dos mesmos que xustifiquen o roubo dos mesmos; roubo que deberá ser acreditado aportando copia ou fotocopia da denuncia formulada por sustracción e sempre que a citada denuncia esté feita ante a autoridade competente con anterioridade á data de inmovilización ou retirada do vehículo da vía pública.

b) Os donos dos vehículos trasladados de lugar e inmovilizados por estar debidamente estacionados no itinerario ou espacio que deba ser ocupado por unha comitiva, desfile ou actividade similar debidamente autorizada ou por ser necesario para a reparación e limpeza da vía pública, sempre que se xustifique convenientemente que a sinalización do itinerario ou estacionamento prohibido temporal non estivera feita con antelación suficiente para ter coñecemento da mesma.

Artigo 7.- Devengo.

1. A taxa por retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira, ou lugar de depósito alternativo dentro do termo municipal, devengarase a partir do mesmo acto da retirada do vehículo de que se trate, sempre que dera comezo a prestación do servizo pola Policía Municipal, incluso nos supostos en que non fora efectuada a retirada e traslado do vehículo.

2. Se a Policía Local (ou o persoal da empresa adxudicataria do servizo) xa enganchara ou acoplara o vehículo á grúa e se presentara o titular, propietario ou conductor do mesmo, interesando que non se comeze ou prosiga o traslado, no suposto de terse iniciado accederase ao interesado previo pago no acto do importe total da taxa, debendo ser inmediatamente retirado o vehículo polo seu conductor ou conductora.

3. O importe correspondente ao depósito e garda de vehículos no aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira devengarase a partir da entrada do vehículo no citado aparcamento.

4. O importe correspondente ao depósito de vehículos fora do aparcamento indicado no punto anterior devengarase a partir da entrada do vehículo no lugar de depósito.

Artigo 8.- Normas de xestión.

1. As cotas da taxa referidas ao artigo 5º desta ordenanza terán carácter de irreductíbeis e poderán ser satisfeitas, contra entrega de recibo-talonario, nas dependencias da Policía Municipal dentro do prazo de cinco días; sen aquel requisito non poderá ser retirado do aparcamento o vehículo de que se trate.



2. Transcorrido o prazo de cinco días indicado no número anterior sen que fora feito efectivo o importe da taxa devengada, porase o feito en coñecemento do propietario ou titular do vehículo para que se faga cargo do mesmo, coa liquidación da taxa devengada polo traslado así como do prezo correspondente ao tempo de aparcamento até que sexa retirado do mesmo o vehículo, requeríndoo para o seu pago ou retirada no prazo máximo dun mes e de quedar no seu caso, incurso en procedemento de apremio o importe da taxa (agás importe do depósito no aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira) se deixase transcorrer o prazo indicado sen efectuar o ingreso.

3. Para ser efectuado o pago correspondente aos conceptos indicados no apartado 4 do artigo 5º desta ordenanza, deberase xustificar previamente o pago das taxas por retirada do vehículo.

4. Os importes correspondentes ao concepto indicado no apartado 4 do artigo 5º desta ordenanza serán pagados directamente á empresa concesionaria do aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira, na caixa do citado aparcamento.

5. Os importes correspondentes aos conceptos indicados no apartado 5 do artigo 5º desta ordenanza serán pagados consonte ao establecido no punto 1 do 5 artigo 8º.

6. Non será devolto ao seu propietario ou titular nengún dos vehículos recollidos, en tanto non sexa efectuado o pago total das cotas correspondentes, agás (no caso de interposición de reclamación) nos supostos de depósito ou aprazamento do importe da liquidación na contía e formas previstas no artigo 14 da LRFL.

7. O pago da liquidación desta taxa non exclúe, en modo algún, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación e policía urbana.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da LXT.

Artigo 10.- Venda de vehículos.

O Concello procederá a venda dos vehículos retirados que non fosen recollidos polos seus propietarios ou propietarias, consonte ao disposto nas Ordes do 15.06.66 e 8.03.67 sobre vehículos abandonados ou estacionados na vía pública, e na do 14.3.74 pola que se regula a retirada da vía pública e o depósito de vehículos automóbiles abandonados; ou na normativa que a desenrole ou substitúa.



CONCELLO DE REDONDELA

Disposición final.-

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2009, permanecendo, en vigor até a súa derogación ou modificación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 34, do 19.02.1997
- BOP número 245, do 26.12.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005
- BOP número 249, do 26.12.2008